

**A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 13 de maio de 2024 realizou entre outras, as seguintes actuacións:**

**8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas anormalmente baixas**

**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro, instalación e configuración da electrónica de rede municipal incluíndo sistemas de comunicacións do cpd municipal, electrónica de rede de planta así como a electrónica de rede das sedes remotas (10202-113)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 3 de maio de 2024, en cumprimento do acordado na sesión da mesma data, iniciouse o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con SERVICIOS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (SATEC). Durante o prazo concedido, a devandita licitadora presentou documentación, en prazo, da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 8 de maio de 2024 o técnico responsable de Seguridade Informática e o xefe do Servizo de Administración Electrónica emitiron informe sobre a xustificación presentada no que indican que *"Unha vez analizada a documentación, respecto aos valores anormais da oferta presentada polo licitador SERVICIOS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (SATEC), conclúese que a xustificación do prezo é suficiente e esta xustificación e conforme ao orzamento detallado."*

A Mesa, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de Fernando González Abeijón, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación aceptar a xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por SERVICIOS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (SATEC) neste procedemento.

**9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula**

**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro, instalación e configuración da electrónica de rede municipal incluíndo sistemas de comunicacións do cpd municipal, electrónica de rede de planta así como a electrónica de rede das sedes remotas (10202-113)**

Entrégase o informe asinado polo técnico responsable de Seguridade Informática e o xefe do Servizo de Administración Electrónica o 8 de maio de 2024 de valoración do sobre C *"proposición avaliable mediante fórmula"* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 13:23	Páxina 1 de 3
10202-113	CSV: AEAC4B-EEA9EC-A43F8F-V55N5T-3Q79YK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**10.- Propostas de clasificación (procedementos abertos) ou clasificación (procedementos abertos simplificados)**

**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro, instalación e configuración da electrónica de rede municipal incluíndo sistemas de comunicacións do cpd municipal, electrónica de rede de planta así como a electrónica de rede das sedes remotas (10202-113)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 25 de abril de 2024, dos licitadores que deseguido se relacionan por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I -FEC- do PCAP:

1. ASAC COMUNICACIONES, S.L.
2. GLOBAL DOMINION ACCESS, S.A.

Segundo.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na presente sesión, de data 13 de maio de 2024, de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por SERVICIOS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (SATEC) neste procedemento.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro, instalación e configuración da electrónica de rede municipal incluíndo sistemas de comunicacións do cpd municipal, electrónica de rede de planta así como a electrónica de rede das sedes remotas (10202-113) na seguinte orde descendente:

	LICITADOR	PUNTOS TOTAIS
1	EDNON, S.L.	88.15
2	SERVICIOS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (SATEC)	85.00
3	TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA S.A.U.	32.00

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EDNON, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5E do Anexo I -FEC- do PCAP.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de



ÁREA DE  
CONTRATACIÓN

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS E  
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo.”

O que publicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido íntegro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consultalo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 13:23	Páxina 3 de 3
10202-113	CSV: AEAC4B-EEA9EC-A43F8F-V55N5T-3Q79YK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		